

No Edificio de Usos Múltiples do Excmo. Concello da Estrada, sendo as trece horas do día vintedous de agosto de dous mil once, reúnese o Tribunal que xulgará as probas para contratar a un profesor de clarinete para o Conservatorio Municipal, que queda constituído do seguinte xeito:

Presidente: D. Javier Comesaña Pereiras
Vogais: D^a Cristina Zatarín Andrés
D. Francisco Lorenzo Romero
D. Pelayo Redondo Lisarrague
Secretaria: D^a Mónica Neira Mato

Procédese ao chamamento do aspirante admitido, e de conformidade coas Bases da convocatoria, polo Tribunal propóñense dous temas, elixindo o aspirante o tema 25 (Técnica xeral de respiración), pertencente á parte teórica, que terá que desenvolver por escrito, tendo para elo unha hora. Polos membros do Tribunal valórase o mesmo, obténdose a seguinte puntuación:

| | |
|----------------------|---|
| Gómez Álvarez, Óscar | 7 |
|----------------------|---|

No mesmo día e a continuación dáse comezo á parte práctica do exercizo, comezando a proba o aspirante e rematando a mesma ás catorce horas. Os membros do Tribunal cualifican o exercizo, obténdose a seguinte puntuación:

| | |
|----------------------|---|
| Gómez Álvarez, Óscar | 9 |
|----------------------|---|

En base á puntuación de ámbolas dúas partes do exercizo obrigatorio, a puntuación media é a seguinte:

| | |
|----------------------|---|
| Gómez Álvarez, Óscar | 8 |
|----------------------|---|

Os membros do Tribunal acordan, por unanimidade, propoñer a contratación, ao Sr. Alcalde -Presidente de D. Óscar Gómez Álvarez.

Seguidamente dáse por rematado este acto, sendo as catorce horas e quince minutos, asinando comigo en proba de conformidade os asistentes, do que eu, Secretaria do Tribunal, dou fe.